



## RESOLUCIÓN REITORAL DO 22/12/2011 POLA QUE SE FAI EFECTIVO O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DAS ESCOLAS UNIVERSITARIAS EN FACULTADES

A nova estrutura de estudos adaptada ao EEES supuxo que actualmente non exista a diferenciación na duración dos títulos. Isto supón tamén a desaparición, coa modificación da LOU, da distinción entre Facultades e Escolas Universitarias.

A USC, a través dos seus órganos de goberno das Escolas e dos órganos xerais, acordou a transformación das Escolas Universitarias en Facultades.

Deste xeito, en virtude das competencias da Comunidade Autónoma Galega, co informe favorable do Consello Galego de Universidades a proposta do Consello Social, e en aplicación do artigo 8.2 da LOU, autorizouse a modificación das denominacións das Escolas Universitarias de Óptica e Optometría, de Enfermería, de Relacións Laborais e de Formación do Profesorado de EXB, polas de

- Facultade de Óptica e Optometría por Decreto 215/2011, do 3 de novembro (DOG do 22)
- Facultade de Enfermería por Decreto 217/2011, do 17 de novembro (DOG do 29)
- Facultade de Relacións Laborais por Decreto 224/2011, do 24 de novembro (DOG do 12 de decembro)
- Facultade de Formación do Profesorado, por Decreto 233/2011, do 2 de decembro (DOG do 22)

Estes cambios de denominación determinan unha serie de cambios na estrutura universitaria e de xestión que necesitan de desenvolvemento.

A presente Resolución Reitoral pretende concretar algúns dos cambios derivados da nova denominación e ordenar aos órganos competentes as modificacións que procedan, a efectos de adecuar o cambio a nova situación e facelo efectivo.

Por todo o anterior, este Reitorado Resolve:

### PRIMEIRO.- NOVA CODIFICACIÓN INSTITUCIONAL

Os novos centros terán a seguinte codificacións institucional

- Facultade de Óptica e Optometría: 5056
- Facultade de Enfermería: 5057
- Facultade de Relacións Laborais: 5024
- Facultade de Formación do Profesorado: ~~5413~~ 5017

Os códigos anteriores conservaranse a efectos históricos.

A efectos de xestión económica e orzamentaria manteranse os códigos anteriores ata o 1 de xaneiro de 2012.



## **SEGUNDO.- TRANSFORMACIÓN DA DENOMINACIÓN DOS CARGOS**

Dende a entrada en vigor da presente resolución os cargos de Directores e Subdirectores de Escola das EU transformadas pasaran a denominarse Decanos e Vicedecanos, facéndose constar no seu expediente.

O cambio de denominación non implicará ningún cambio no réxime xurídico do cargo nin na duración do mandato.

## **TERCEIRO.- MODIFICACIÓN DA RPT**

Deberá iniciarse o procedemento de modificación da RPT que corresponda para incluír as novas denominacións dos postos.

## **CUARTO.- CAMBIO NAS APLICACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Dende a aprobación da presente resolución iniciarase o procedemento de adecuación das aplicacións informáticas institucionais a nova estrutura e codificación aprobada.

## **QUINTO.- COMUNICACIÓN DO CAMBIO**

Os centros e os servizos e unidades deberán comunicar os cambios de dominación a quen corresponda . En particular notificarase o cambio ao RUCT

## **SEXTO.- PAPELERIA E SELO**

Autorízase a modificar a papelería e o selo dos Centros para incluír as novas denominacións, procurando reutilizar o papel xa impreso en comunicacións internas da USC.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A presente resolución entrará en vigor na data de rexistro de saída

Santiago de Compostela, 22/12/2011

  
O Reitor  
Juan J. Casares Long

FACULTADE DE OPTICA E OPTOMETRÍA.- FACULTADE DE ENFERMARIA.-  
FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS.- FACULTADE DE FORMACIÓN DO  
PROFESORADO.- XERENCIA.- SERVIZOS E UNIDADES DA USC.- ARQUIVO  
HISTÓRICO.